



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Módulo IV. Renovación urbana e rexeneración urbanística

CONVOCATORIA: Curso superior de técnico de urbanismo 2024-25.

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

ÁREA: Réxime xurídico e xestión das entidades locais

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	32
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2024
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Nos últimos anos estase a evidenciar a necesidade de repensar o modo de ocupar e actuar no territorio por mor das diversas crises económicas e ambientais que viñemos sufrindo e que no mundo occidental supuxeron a ralentización dos fenómenos de crecemento e expansión tal e como os viñamos entendendo dende mediados do século XX. A maior parte da reflexión e da investigación que se ven desenvolvendo neste campo ten como caso de estudo o fenómeno urbano, asociado este a o concepto de cidade á escala de metrópole.

En Galicia existen trescentos trece concellos e máis de 30.000 aldeas e lugares. De todos eles, douscentos cincuenta e seis contan con menos de 10.000 habitantes, douscentos teñen menos de 5.000 e hai máis de 12.000 aldeas con menos de 10 habitantes.

O territorio é cambio continuo e transformación permanente. A dispersión dos nosos núcleos e o feito de que dezaseis dos dezasete Obxectivos do Desenvolvemento Sostible 2030 estean vinculados coa vida cotiá nos asentamentos humanos, fai necesario propoñer como as políticas públicas teñen que xestionar as estratexias de ordenación do territorio para acadar un maior benestar humano.

A tradición dos asentamentos urbanos e rurais en Galicia e as súas relacións, nun territorio moi produtivo e diverso, merecen unha reflexión específica. Nun escenario moi complexo de abandono, decrecemento e perda de eficacia habitacional, faise necesario comezar a pensar como podemos establecer estratexias innovadoras para xestionar o noso territorio e como podemos aproveitar as extraordinarias oportunidades que se adiviñan para impulsar unha transición ecosocial xusta en Galicia superado xa o primeiro cuarto do século XXI.

Neste curso buscaremos atraer a atención ós municipios e núcleos de menor escala da nosa contorna inmediata, analizando as características propias da rexeneración en lugares onde as problemáticas xerais tamén son de aplicación pero que se manifestan de xeito diferente. O módulo pretende estimular unha reflexión sobre estratexias e ferramentas para a xestión e rexeneración dos núcleos habitados de Galicia, que non poden ser nin as do urbanismo tradicional, nin as de sistemas urbanos de maior escala.

DESTINATARIOS

O curso está dirixido a profesionais que se encadren nalgunha das situacións seguintes:

1. Persoal funcionario dos subgrupos A1 e A2 e persoal laboral dos grupos I e II das administracións públicas galegas que realicen, un e outro persoal, funcións relacionadas co contido do curso.
2. Arquitecto/a colexiado/a no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (en diante, COAG).
3. Profesionais que estean en posesión da titulación de doutoramento, licenciatura, diplomatura, grao, arquitectura, enxeñaría, arquitectura técnica ou enxeñaría técnica, así como o persoal en posesión da dita titulación, contratado polas administracións públicas cun contrato de servizos ou equivalente.

PROGRAMA

Sesión 1, mércores 29 xaneiro de 2025

10:00-11:30 h. Introducción.

12:00-14:00 h. A constelación urbana. Lugares, aldeas, vilas e cidades no sistema territorial galego.

15:30-19:30 h. Decremento e estratexias de renaturalización de espazos abandonados.

Re-territorialización. As ecópolis da escola territorialista italiana e as redes de aldeas rurais.

Sesión 2, mércores, 5 febreiro

10:00-12:00 h. Cooperación, redes e sinerxias urbanas. Paisaxe e optimización de Infraestruturas e servizos.

12:15-14:15 h. Estratexias de intervención na vivenda rural.

15:30-19:30 h. Taller [parte I] Usos e funcións espontáneas. Rexeneración no medio rural. Infraestruturas, espazo público, vivenda e agroecoloxía.

Sesión 3, mércores, 12 febreiro

10:00-12:30 h. Biorrexión. A transformación territorial dende a planificación dos sistemas alimentarios e a agroecoloxía.

12:15-14:15 h. Repensando o rural do século XXI. Dimensións económicas e sociais.

15:30-19:30 h. Taller [parte II]. Usos e funcións espontáneas. Rexeneración no medio rural. Infraestruturas, espazo público, vivenda e agroecoloxía.

Sesión 4, mércores, 19 febreiro

10:00-11:30 h. O urbanismo no país das 30.000 aldeas. Conversación.

11:45-14:15 h. Que é a Transición Ecosocial Xusta e que ten que ver co planeamento urbano e territorial. Problemas e oportunidades. Oportunidades e posibilidades de aplicación da Transición Ecosocial Xusta desde o planeamento e a práctica profesional

15:30-19:30 h. Taller: Claves e estratexias para unha transición ecosocial xusta nos sistemas urbanos galegos. Que podemos facer? Conclusións e aplicacións na realidade cotiá da xestión urbanística do século XXI.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Data e hora de presentación de solicitudes ata completar o número de prazas.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Inscrición:

As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición cubrindo o formulario que para ese efecto figurará na páxina web do COAG (<https://portal.coag.es>), na sección do curso, e acreditar a documentación requirida en cada caso.

A información relativa ao procedemento e importes de matrícula estará dispoñible na páxina web do COAG (<https://portal.coag.es>), na sección do curso.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 29/01/2025 a 19/02/2025

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

Aula de formación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG).

Praza de la Quintana, 1; baixo-cuberta. Santiago de Compostela.